

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Subvencións e axudas

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA "CONECTADAS" 2019

EXTRACTO DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA "CONECTADAS" PARA O ANO 2019, APROBADAS NA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DO 1 DE FEBREIRO DE 2019

BDNS(Identif.):439356

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS): <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>.

Primeiro. Entidades destinatarias

Este programa irá destinado a asociacións, federacións e fundacións sen fins de lucro que teñan como obxectivo e ámbito de actuación a promoción das mulleres, que apoien o seu desenvolvemento e empoderamento, o seu tecido asociativo e a paulatina consecución do obxectivo da igualdade entre mulleres e homes. As accións formativas estarán abertas a toda a poboación da provincia de Pontevedra, pero terán preferencia as mulleres. Reservarase só o 25 % do total das prazas para os homes, agás no bloque de contidos "Súmate ao cambio", no que a participación pode ser mixta, xa que se cubrirán as prazas ao 50 % (en caso de existiren vacantes poderá ampliarse esta porcentaxe).

Segundo. Obxecto

O obxecto destas bases é o de regular a convocatoria pública por parte da Deputación do programa "Conectadas" 2019, que ten por finalidade mellorar a formación básica das mulleres na comunidade para favorecer as relacións interpersoais e o intercambio de experiencias; contribuír a mellorar a súa empregabilidade e o seu mantemento no mercado de traballo; e reducir a fenda dixital mediante a utilización da información e as novas tecnoloxías.

Terceiro. Normativa aplicable

Bases reguladoras do programa, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra do 1 de febreiro de 2019; Bases de execución do Orzamento provincial para o ano 2019; Ordenanza xeral de subvencións; LXS; Real decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da LXS, e demais lexislación aplicable.



Mércores, 13 de febreiro de 2019

Núm. 31

Cuarto. Contía

A dotación do programa é de trescentos vinte e catro mil (324.000,00) euros.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación de solicitudes será de trinta (30) días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

Sexto. Outros datos de interese

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado, dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>). Excepcionalmente, para minimizar os efectos da fenda dixital e facilitarlle ás asociacións o cumprimento das súas obrigas en aplicación da normativa específica e en función dos medios técnicos dispoñibles, poderán presentarse as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado, dispoñible en <https://sede.depo.gal>, segundo o previsto no artigo 14.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)

- Cada entidade poderá presentar unha única solicitude, seguindo o modelo normalizado e a documentación establecida na base quinta
- As accións formativas contempladas no programa ofertaranse a través dunha empresa especializada na materia, que será a responsable do desenvolvemento e da súa execución

Pontevedra, 12/02/2019

A presidenta, M.^a del Carmen Silva Rego

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:74XP6BSHBP731SH

